

OFICINA TÉCNICA

O Consorcio de Santiago participa en Mérida no XVI Encontro de Xestores de Patrimonio Mundial

O Consorcio de Santiago, representado pola súa xerente, Belén Hernández, participou os días 28 e 29 de setembro no XVI Encontro de Xestores de Patrimonio Mundial que se celebrou en Mérida e no que se conmemora o 50 aniversario da Convención de Patrimonio Mundial da Unesco.

Este encontro, puxo o foco nesta ocasión no desenvolvemento sustentable, reflexionando acerca dos retos que afrontan os sitios e cidades Patrimonio Mundial na actualidade e os que deberían afrontar a medio e longo prazo, tales como o cambio climático, o reto demográfico ou a brecha tecnolóxica.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-participa-en-merida-no-xvi-encontro-de-xestores-de-patrimonio-mundial>

MÚSICA

O Instituto de Investigación Sanitaria e a Real Filharmonía aliáanse co proxecto pioneiro Sensoxenoma22 que estudará a reacción do xenoma humano aos estímulo musicais

O Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) e a Real Filharmonía de Galicia levan a cabo desde este mes o proxecto Sensoxenoma22, que comezou coa organización do primeiro concerto no que a música e a ciencia se alían para investigar sobre as bases xenéticas do estímulo musical e estudar o seu potencial terapéutico na loita contra a enfermidade.

O primeiro paso desta investigación céntrase na música e na expresión dos xenes na poboación xeral e distintos contextos da patoloxía humana coma o cancro, Alzheimer, trastorno de espectro autista (TEA) ou dano cerebral, entre outros, co fin de obter datos a grande escala, analízalos con rigor científico usando técnicas de vangarda e, eventualmente, poder proporcionar ferramentas que melloren a calidade de vida das persoas con este tipo de enfermidades.



Máis información: <http://www.rfgalicia.org/gl/o-instituto-de-investigacion-sanitaria-e-a-real-filharmonia-alianse-co-proxecto-pioneiro-sensoxenoma22-que-estudara-a-reaccion-do-xenoma-humano-aos-estimulos-musicais/>

A Real Filharmonía comezará a súa temporada 'Escoitar o Mundo' este mes de outubro

Despois do concerto do Proxecto Sensoxenoma22, a Real Filharmonía de Galicia comeza a súa nova temporada 'Escoitar o Mundo' primeiro con concertos no barrio de Santa Marta, Fontiñas e Conxo e despois xa regresando ao Auditorio de Galicia e comezando o 13 de outubro cun concerto co director Can Okan e o recoñecido pianista Fazil Say que se ofrecerá ao día seguinte tamén en Ferrol. O mes de outubro completárase cun concerto o día 20 en Vigo e o 21 en Santiago con Joana Carneiro á dirección e Helena Sousa Estévez ao acordeón.



Toda a información sobre a programación da Real Filharmonía en <http://www.rfgalicia.org/gl/programacion/>

Comeza o novo curso do Curso Avanzado de Especialización Orquestral na Escola de Altos Estudos Musicais

A Escola de Altos Estudos Musicais comeza un novo curso do Curso Avanzado de Especialización Orquestral con novos alumnos que vivirán un ano en Santiago que de seguro quedará marcado para todos nas súas vidas. Tras realizar as probas de acceso extraordinarias, cubríronse todas as prazas ofertadas.

